





## O Porco Celta

O Porco Celta é a raza porcina autóctona de Galicia. Estivo a piques de desaparecer a finais do século XX. Afortunadamente, tras vinte anos traballando na súa recuperación, os censos de exemplares e de ganderías adicadas á súa cría están medrando. Aínda así, permanece en perigo de extinción.

A rusticidade propia dos porcos desta raza permítelles unha boa adaptación á orografía e clima galegos. A feitura alongada e estreita do seu corpo e extremidades convérteos en bos andadores. De xeito que tamén é tradicional complementar a súa alimentación mediante o aproveitamento a dente dos recursos naturais que ofrecen os montes e bosques. Este silvopastoreo revelouose nos últimos tempos como unha boa fórmula de control da matogueira na tarefa de prevención dos lumes forestais.

As súas carnes acadaron gran popularidade nos últimos anos polas boas cualidades organolépticas e nutricionais, e porque proceden dunha práctica gandeira moi respetuosa co medio e co benestar animal.

O selo 100% Raza Autóctona identifica os produtos derivados do Porco Celta no mercado e garante a pureza da raza, a orixe, a ceba ao aire libre e a alimentación natural dos porcos dos que proceden. Cando consumes Porco Celta e esixes o selo 100% estás contribuíndo á permanencia da raza e ao fomento de todos os beneficios que aporta esta gandería nos entornos rurais.

Conservar o noso patrimonio xenético está nas mans de todos !!!

Podes atoparnos en...

 [asoporcel.porcocelta](https://www.facebook.com/asoporcel.porcocelta)  [porcoceltaasoporcel](https://www.instagram.com/porcoceltaasoporcel)  [@ASOPORCEL](https://twitter.com/ASOPORCEL)

[www.asoporcel.es](http://www.asoporcel.es) | Tel 982 22 62 52



